

Recursos Humanos
Expediente 41038-220 e
42667-220

ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 (3º fase).

PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRA/O TÉCNICA/O FORESTAL (A2)

ANUNCIO SOBRE INSTRUCCIÓN DO SORTEO DO PRIMEIRO EXERCICIO (quenda libre)

Faise público o seguinte anuncio acordado polo órgano de selección na súa sesión de data 21.09.2023, referido ao sorteo do primeiro exercicio da oposición previsto para o vindeiro 28.09.2023, ás 11:00 horas, para o seu coñecemento e aclaración:

“Conforme ás bases específicas da praza, publicadas no BOP de Pontevedra nº 180, de data 20/09/2022, recóllese no apartado

“V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN”

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as/os aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, un tema de composición determinado polo órgano de selección no momento de realizar a proba que garde relación directa con un dos temas do programa, elixido por sorteo numérico”.

Dado que o temario se compón de:

A) TEMARIO XERAL

(Os doce primeiros temas son os que figuran como anexo nas bases xerais para o subgrupo A2)

(12 temas numerados do 1 ao 12).

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Composto por 48 temas numerados do 1 ao 48.

Isto significa que, a efectos do sorteo para o primeiro exercicio, coincidirían en numeración 12 temas (entre os 12 temas que compoñen o temario xeral e os 12 primeiros temas do temario específico) o que dificultaría o sorteo conforme as bases, tal e como están numerados, ao haber temas con numeración repetida.

Polo tanto, os membros do tribunal, por unanimidade, acordan:

Aos efectos de facilitar o sorteo do primeiro exercicio tal e como indican as bases específicas, e para impedir que se poida producir unha confusión entre números que se repiten, só a efectos do sorteo do primeiro exercicio, renumerar os temas da parte específica, seguindo a numeración posterior ao último tema do temario xeral.

Deste xeito, e reiterando que só a efectos numéricos do sorteo do primeiro exercicio, os temas quedarían numerados do seguinte xeito

Temario Xeral.- Temas do 1 ao 12, tal e como figuran nas bases específicas.

Temario Específico.- Temas do 13 ao 60, (pasando a numerarse para o sorteo co número 13 o tema 1 da parte específica, número 14 o tema 2 da parte específica...así ata co número 60 o tema 48 da parte específica).

Acórdase publicar este acordo na web municipal con carácter previo á realización do primeiro exercicio para coñecemento das persoas aspirantes, non obstante, o propio día do exame, antes do comezo do exercicio, aclararanse todas as dúbidas que poida haber ao respecto.”

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O secretario do órgano de selección.- Marcos Viturro Gómez



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/09/2023 12:26 | Páxina 1 de 1 |
| 41038-220 | CSV: AAA235-BH53BF-2HEFBD-Q7NF8K-MFZVH7-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |